



# CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Expediente núm.: 186/2020

Procedemento: Subvención solicitada a outra Administración

Interesado / a: Xunta de Galicia

Asunto: Subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio do ano 2020

Obra/servizo subvencionado: Servizo de vixilancia e seguridade (Socorristas)

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** No Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 18 do 28.01.2020, publícase a ORDE do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2020.

**Segundo.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, que tivo lugar o día 05.02.2020, adoptou, entre outros, o acordo que, copiado literalmente, di:

#### **“4.- SOLICITUDE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA**

#### **4.3.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS (ORDE DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DO 20/12/2019. DOG Nº 18, DO 28/01/2020)**

*Dada conta da Orde do 20 de decembro de 2019 (DOG nº 18, do 28/01/2020) da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2020, a proposta do Sr. alcalde, esta Xunta de Goberno Local, **acorda:***

#### **4.3.1.- SERVIZO DE VIXILANCIA E SEGURIDADE**

**4.3.1.1.-** Aprobar o proxecto do servizo denominado Servizo de Vixilancia e Seguridade.

**4.3.1.2.-** Solicitar da Consellería de Economía, Emprego e Industria unha subvención por importe de **7.236,74 €** para a contratación de 2 traballadores/as desempregados/as que de seguido se detallan:

**Concello do Pereiro de Aguiar**

Piza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

LUIS MENOR PÉREZ (1 para 2)  
ALCALDE  
Data de Sinatura: 26/06/2020  
HASH: 0673c44f4cbcc1f100bb2e7dd2227ceaa



JORGE MORENO MARTÍN-CALOTO (2 para 2)  
SECRETARIO-INTERVENTOR  
Data de Sinatura: 26/06/2020  
HASH: fa573c5b734043ff8146198bbd4688fb1



RESOLUCIONS DE ALCALDIA

Número: 2020-0457 Data: 26/06/2020



Cod. Validación: 646SRZWWW5W7MGLSXG22P3TFF | Corrección: https://concelloperero.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xesiona esPublico | Páxina 1 a 5



# CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR

PERSOAL FOMENTO DO EMPREGO	GRUPO PROFESIONAL / GRUPO COTIZACIÓN	TIPO XORNADA %	RETRIBUCIÓN BRUTA MENSUAL (1)	CNAE 2009 (4 díxitos) / OCUPACIÓN (letra)	% COTACIÓN PATRONAL SEG. SOCIAL	COTIZACIÓN EMPRESARIAL Á SEG. SOCIAL MENSUAL	CUSTO BRUTO MENSUAL	DURACIÓN CONTRACTO (en meses)	CUSTO BRUTO TOTAL (por traballador/a)	INDEMNIZACIÓN POR FINALIZACIÓN DE CONTRATO TEMPORAL	Nº DE TRABALLADORES	CUSTO BRUTO TOTAL FOMENTO DO EMPREGO DO ANO 2020
Socorristas	IV / 06	100,00%	1.310,61	8411 H	34,70%	454,78	1.765,39	2	3.530,78	87,59	2	7.236,74
TOTAIS			1.310,61 €			454,78 €	1.765,39 €		3.530,78 €	87,59 €	2	7.236,74 €

(1) Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización mensual

#### 4.3.1.3. O Concello comprométese expresamente a financiar as partidas orzamentarias que non sexan financiadas pola Consellería."

**Terceiro.-** O día 07.02.2020 é presentada correctamente no rexistro electrónico da Xunta de Galicia co número 2020 / 268764 a solicitude de subvención para a contratación temporal de traballadores desempregados para a realización da obra / servizo de interese social denominada "servizo de vixilancia e seguridade".

**Cuarto.-** O 16.06.2020 ten entrada no rexistro xeral do Concello (núm. de rexistro 2020-E-RC-2336) a resolución do xefe territorial de Ourense da Consellería de Economía, Emprego e Industria, mediante a que se nos concede unha subvención polo importe de 6.800,00 euros para a contratación de 2 traballadores/as desempregados/as para a realización da obra ou servizo denominado/a: "SERVIZO DE VIXILANCIA E SEGURIDADE" (DOG núm. 18 martes do 28 de xaneiro de 2020). Expte. Nº: TR351A 2020 / 21 – 3. Co desagregado seguinte:

- Obra / servizo subvencionado: servizo de vixilancia e seguridade
- Núm. de persoas traballadoras subvencionadas: 2
- Duración do contrato: 2 meses
- Xornada: 100 %
- Cláusula específica do contrato: interese social
- Custo subvencionado: 6.800,00 euros

**Sexto.-** O 17.06.2020, emítase Certificación do Acordo da Xunta de Goberno Local (XGL), celebrada o mesmo 17.06.2020, en sesión ordinaria, aprobando a Convocatoria e as Bases para a selección de persoal laboral temporal, na categoría profesional de "socorrista", ao abeiro da Subvención recibida para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio do ano 2020 (Expte. Nº: TR351A 2020 / 21 – 3).

**Sétimo.-** O 18.06.2020 o Departamento de Persoal emite informe sobre o procedemento a seguir para levar a cabo a contratación de persoal laboral temporal para cubrir os postos de traballo na categoría profesional de "socorrista", ao abeiro da Subvención recibida para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio do ano 2020 (Expte. Nº: TR351A 2020 / 21 – 3).

## Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

RESOLUCIONS DE ALCALDIA  
Número: 2020-0457 Data: 26/06/2020



Cod. Validación: 646SR2WWW5WTMGLSXG2PSTFP | Corrección: https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 5





## CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

**Oitavo.-** O 18.06.2020 presentouse a oferta de emprego na oficina do Servizo Público de Emprego de Ourense (A Ponte), de acordo cos criterios establecidos polo artigo 14 da ORDE do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2020. (DOG núm. 18 do 28 de xaneiro de 2020), co obxecto de cubrir os referidos postos de traballo.

**Noveno.-** O 25.06.2020 o Tribunal Cualificador do proceso selectivo de persoal laboral temporal, na categoría profesional de “socorristas”, ao abeiro da Subvención recibida para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio do ano 2020 (Expte. Nº: TR351A 2020 / 21 – 3), emite Acta definitiva co resultado da selección, do tenor literal seguinte:

“(…)

*7. Concluída a selección de persoal coas seguintes propostas de contratación (oferta de emprego número 12-2020-4561):*

<i>Fernández Pérez, Carla</i>	<i>Contratación do candidato/a</i>
<i>Gómez Fernández, Saúl</i>	<i>Contratación do candidato/a</i>

- *Quenda de reserva por orde de puntuación:*
  1. *Díaz Atanes, Antonio José*
  2. *Outomuro Vázquez, Jonathan*

- *Aspirantes que non compareceron:*

<i>Arias Gómez, Moraima</i>	<i>Non se presentou</i>
<i>Portela Pérez, Martín</i>	<i>Non se presentou</i>
<i>Quintana porral, Laura</i>	<i>Non se presentou</i>

(…)”

**Décimo.-** O 26.06.2020 remítese á oficina do Servizo Público de Emprego de Ourense (A Ponte) o resultado da selección de dous/as (2) traballadores/as desempregados/as para a realización da obra ou servizo denominado/a: “SERVIZO DE VIXILANCIA E SEGURIDADE” (socorristas) (oferta de emprego número 12-2020-4561).

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o artigo 136 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración Local

### RESOLVO

**Primeiro.-** Contratar para o período comprendido entre o 29 de xuño de 2020 e o 28 de agosto de 2020, para a obra / servizo “SERVIZO DE VIXILANCIA E SEGURIDADE” (socorristas)

**Concello do Pereiro de Aguiar**

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

RESOLUCIONS DE ALCALDIA  
Número: 2020-0457 Data: 26/06/2020



Cod. Validación: 646SRZWWV5WWTMGLSXG22PSTFF | Corrección: https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 5



## CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

subvencionado en 6.800,00 € pola Xunta de Galicia - Consellería de Economía, Emprego e Industria, na categoría profesional de "socorristas" ós/ás traballadores/as que se detalla no cadro seguinte, e cos seguintes custos salariais:

Nome do traballador/a	DNI	Grupo de cotiz.	Retribucións brutas mensuais	% Cota patronal á S.S.	Seg. Social Concello mensual	Custo total mensual	Núm. meses	Custo total (total custo mensual x nº meses)
Gómez Fernández, Saúl	●●●6314●●	8	1.310,61	34,70%	454,78	1.765,39	2	3.530,78
Fernández Pérez, Carla	●●●3174●●	8	1.310,61	34,70%	454,78	1.765,39	2	3.530,78
<b>CUSTO TOTAL</b>			<b>2.621,22</b>		<b>909,56</b>	<b>3.530,78</b>		<b>7.061,56</b>

**Segundo.-** Formalizar o contrato de traballo para a obra / servizo "SERVIZO DE VIXILANCIA E SEGURIDADE" (socorristas) subvencionado en 6.800,00 € pola Xunta de Galicia - Consellería de Economía, Emprego e Industria, na modalidade de contrato por obra ou servizo determinado coa cláusula específica de traballos de interese social, segundo o artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, o artigo 2 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada, e o artigo 15.1 da ORDE do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2020. (DOG núm. 18 do 28 de xaneiro de 2020), en réxime de dedicación a tempo completo cunha duración de 2 meses.

**Terceiro.-** Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello ([www.concellopereiro.com](http://www.concellopereiro.com)).

**Cuarto.-** Dar conta da presente Resolución ao Concello Pleno e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

**Quinto.-** Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resollido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

**Concello do Pereiro de Aguiar**

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

RESOLUCIONS DE ALCALDIA  
Número: 2020-0457 Data: 26/06/2020



Cod. Validación: 646SRZVWVW5WTMGLSXGZ2PSTFP | Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 5





# CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,

O Secretario – Interventor,

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**

**RESOLUCIONS DE ALCALDIA**

Número: 2020-0457 Data: 26/06/2020



Cod. Validación: 646SRZWWV5VTMGLSXGZ2PSTFP | Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5

**Concello do Pereiro de Aguiar**

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395